

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019751	IES Antón Alonso Ríos	Tomiño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	30

1. Introducción

Esta proposta didáctica está articulada en nove unidades didácticas enfocadas a desenvolver de xeito equilibrado as capacidades comunicativas tanto escritas como orais. Consideramos moi importante manter viva a lingua e por ese motivo en cada trimestre o alumnado terá que elaborar algún proxecto baseado na oralidade, por exemplo unha presentación oral perante a clase, gravar un audio, elaborar un programa para a nosa radio escolar...

Tamén nos integraremos nos proxectos colaborativos que se desenvolvan no centro, participaremos nun proxecto coordinado polo departamento de Bioloxía e Xeoloxía, "Congreso Científico" e na elaboración dun Cancioneiro musicalizado con Lingua Castelá e Literatura, así como no Proxecto Interdisciplinar do centro que implica a todo o alumnado e concluirá cunha representación teatral e musical de final de curso no auditorio de Goián.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	E ti de quen vés sendo	<p>Realizaremos unha avaliación inicial para concretar o grao de adquisición das destrezas propias do curso anterior, e establecer as medidas de atención á diversidade necesarias (para o alumnado repetidor, para o alumnado coa materia pendente, con problemas de aprendizaxe, etc.)</p> <p>Despois analizaremos a lingua como creación colectiva do pobo, fenómeno principalmente oral e só posteriormente escrito. Veremos o desenvolvemento histórico social de galego e portugués. Facilitaremos a comprensión da progresión cronolóxica cun cadro cronolóxico da historia da lingua galega e outro da historia da lingua e da literatura medievais galega, portuguesa e castelá.</p> <p>Para a súa avaliación utilizaremos uns cuestionarios online en Edixgal e unhas actividades en grupos heteroxéneos de aprendizaxe cooperativa.</p>	10	10	X		
2	O pracer de contar	<p>Aproximarémonos á creación literaria, veremos os recursos artísticos máis frecuentes. Teremos unha visión panorámica da nosa literatura medieval. Posteriormente centrarémonos na lírica profana de temática amorosa e na súa evolución. Para a avaliación utilizaremos probas escritas que consistirán nun cuestionario-test en Edixgal e un comentario de texto guiado, en formato papel.</p>	10	15	X		
3	Silencios	<p>Estudaremos os séculos escuros e como as súas consecuencias chegan ata hoxe. Continuaremos afianzando as destrezas comunicativas e o estudo da morfoloxía coas categorías menores e a súa flexión.</p>	10	10		X	
4	Que din os rumorosos	<p>Veremos o cambio que supuxo o Rexurdimento, e a obra de Pondal e Curros. Profundizaremos no comentario de textos literario.</p>	10	15		X	
5	Somos de palabra	<p>Repasaremos os contidos esenciais de morfoloxía sobre as categorías maiores e a súa flexión. Estes contidos serán avaliados</p>	15	10		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Somos de palabra	mediante unha proba escrita convencional en papel, onde primarán os exercicios prácticos e non teóricos.	15	10		X	X
6	A xustiza pola man	Estudaremos a figura de Rosalía, o seu simbolismo e relevancia e a súa obra poética en galego. Practicaremos o comentario de textos literarios e iniciáremos no comentario crítico.	15	15			X
7	Entre dous séculos	Asistiremos ao cambio de século, a época das Irmandades e a obra dos autores de transición, como Cabanillas e Noriega. Faremos actividades de literatura comparada.	10	10			X
8	Ler para crer	Reflexionaremos sobre a literatura e a nosa experiencia persoal coa lectura. Ademais traballaremos cunha obra de lectura complementaria onde o/a alumno/a practicará unha lectura atenta e unha análise crítica daquilo que le. Para a avaliación haberá unha entrevista oral sobre o libro lido e ademais cada alumno/a entregará un audio onde reflexiona sobre as súas lecturas preferidas, gravará un podcast ou participará nun debate con outros alumnos/as sobre a obra.	10	10	X	X	X
9	O pracer de cantar	O alumnado comporá unha cantiga (letra e música). Reuniranse todas as composicións nun Cancioneiro inspirado na estética medieval (caligrafía, ilustracións, etc.) e a poder ser interpretaremos estas composicións dentro do Proxecto Interdisciplinar de fin de curso.. Contaremos coa colaboración do departamento de lingua castelá, o de debuxo e o de música.	10	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	E ti de quen vés sendo	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Recoñece o léxico común ao galego e portugués malia as diferenzas ortográficas.	PE	45
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Recoñece un texto en catalán tanto escrito como oral entre outras linguas. Recoñece as semellanzas no léxico catalán, castelán, galego e portugués que procede do mesmo étimo latino.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Recoñece ideas principais e secundarias nun texto e confecciona un resume ou un esquema.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Identifica e rexeita os prexuízos contra o galego ou as variedades dialectais galegas.	TI	55
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Selecciona información de distinta procedencia sobre un tema dado para elaborar unha presentación na aula.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Diferencia o tema e o argumento dunha lectura realizada e transmíteo correctamente de maneira oral e escrita.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.

Contidos

- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

UD	Título da UD	Duración
2	O pracer de contar	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Realiza un comentario de texto guiado dunha cantiga medieval galego-portuguesa.	PE	50
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Realiza un comentario de texto guiado dunha cantiga medieval galego-portuguesa.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
3	Silencios	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Responde correctamente ás cuestións de morfosintaxe plantexadas en exercicios prácticos.	PE	50
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Compara os enunciados que se lle propoñen extraendo conclusións.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Identifica e rexeita os prexuízos contra o galego ou as variedades dialectais galegas.	TI	50
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e rexeita os prexuízos contra o galego ou as variedades dialectais galegas.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Entrega as redaccións propostas semanalmente e de ser necesario repíteas corrixindo os aspectos que lle sinala a profesora.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Extrae a intencionalidade, as ideas principais e secundarias dun texto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.

Contidos

- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxión)
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	Que din os rumorosos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora un mapa conceptual sobre o Rexurdimento		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Diferencia ideas principais e secundarias nun texto dado e confecciona un esquema.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Diferencia ideas principais e secundarias nun texto dado e confecciona un esquema.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Realiza un comentario de texto guiado dun poema de Curros ou de Pondal	TI	40
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Realiza un comentario de texto guiado dun poema de Curros ou de Pondal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do

Contidos

- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

UD	Título da UD	Duración
5	Somos de palabra	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Diferencia ideas principais e secundarias nun texto dado e confecciona un esquema.	PE	30
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Responde correctamente ás cuestións de morfosintaxe plantexadas en exercicios prácticos.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Compara os enunciados que se lle propoñen extraendo conclusións.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Grava un audio onde comenta a lectura complementaria realizada.	TI	70
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Debate en clase sobre a obra de lectura realizada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Extrae a intencionalidade, as ideas principais e secundarias dun texto.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Escolle a obra de lectura que vai ler de entre unha listaxe, pode explicar por que motivos a escolleu, e despois da lectura pode explicar razoadamente se respondeu ou non ás súas expectativas.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Entrega as redaccións propostas semanalmente e de ser necesario repíteas corrixindo os aspectos que lle sinala a profesora.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Extrae a intencionalidade, as ideas principais e secundarias dun texto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das pala-bras, compoñentes das oracións ou conxio) - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	A xustiza pola man	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Realiza un comentario de textos guiado dun poema de Rosalía de Castro.	PE	40
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Realiza comparacións entre as dúas obras de Rosalía, Cantares Gallegos e Follas Novas, anotando semellanzas e diferencias.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Entrega as redaccións propostas e de ser o caso repíteas corrixindo os aspectos que lle sinala a profesora.	TI	60
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Realiza comparacións entre as dúas obras de Rosalía, Cantares Gallegos e Follas Novas, anotando semellanzas e diferencias.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Realiza un comentario de textos guiado dun poema de Rosalía de Castro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	Entre dous séculos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Identifica na obra de Noriega Varela os rasgos continuistas e os innovadores.	PE	40
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Realiza comentarios de texto guiados sobre a obra de Ramón Cabanillas.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Recoñece as distintas liñas temáticas da obra de Cabanillas (cívica, intimista, patriótica...) e pode relacionala coa dos autores anteriores (Curros, Rosalía, Pondal)		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Elabora unha presentación para a clase sobre o cambio de século e as súas circunstancias sociais e culturais.	TI	60
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Presenta os textos escritos propostos (redaccións, resumos, comentarios de texto, etc.) e de ser o caso repiteos facendo as correccións propostas pola profesora.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Realiza comentarios de texto guiados sobre a obra de Ramón Cabanillas.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Elabora comentarios de texto e exercicios de literatura comparada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Elabora comentarios de texto e exercicios de literatura comparada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos

Contidos

- (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
8	Ler para crer	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.	TI	100
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Participa en debates e intercambia opinións ben argumentadas cos compañeiros/as respectando as normas que rexen este tipo de comunicación.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Reflexiona oralmente sobre os aspectos máis relevantes da lectura realizada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co círculo literario e lector. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
9	O pracer de cantar	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Realiza unha das lecturas recomendadas e posteriormente unha reflexión escrita e outra oral sobre ela.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Participa nun traballo en equipo sobre a obra lida e entregan un produto final que é a gravación dun programa cultural para a nosa radio escolar.	TI	100
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa nun traballo en equipo sobre a obra lida e entregan un produto final que é a gravación dun programa cultural para a nosa radio escolar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Realiza unha das lecturas recomendadas e posteriormente unha reflexión escrita e outra oral sobre ela.		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Participa nun traballo en equipo sobre a obra lida e entregan un produto final que é a gravación dun programa cultural para a nosa radio escolar.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Participa nun traballo en equipo sobre a obra lida e entregan un produto final que é a gravación dun programa cultural para a nosa radio escolar.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Realiza unha das lecturas recomendadas e posteriormente unha reflexión escrita e outra oral sobre ela.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Participa nun traballo en equipo sobre a obra lida e entregan un produto final que é a gravación dun programa cultural para a nosa radio escolar.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Participa nun traballo en equipo sobre a obra lida e entregan un produto final que é a gravación dun programa cultural para a nosa radio escolar.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Participa nun traballo en equipo sobre a obra lida e entregan un produto final que é a gravación dun programa cultural para a nosa radio escolar.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Participa nun traballo en equipo sobre a obra lida e entregan un produto final que é a gravación dun programa cultural para a nosa radio escolar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co círculo literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade, proporáanse preguntas aos estudantes para que tomen consciencia dos seus coñecementos previos e das súas necesidades de ampliación ou reforzo e actividades para "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance usando as TIC en xeral e a plataforma Edixgal en particular.

LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. A lingua oral terá unha presenza continua no noso traballo, como tamén o uso das TIC e a aprendizaxe cooperativa.

- Traballo oral: En cada trimestre o alumnado realizará un traballo oral individual sobre un tema proposto, que poderá avaliarse mediante unha exposición na aula ou unha gravación en audio para entregar a través de Edixgal. Ademais deberá realizarse ao longo do curso como mínimo un traballo oral en grupo consistente na realización dun programa de radio que se emitirá na nosa Radio Escolar, Radio Mocidade.

- Traballo escrito: O alumnado entregará unha redacción quincenal sobre o tema proposto, producirá textos narrativos, expositivos e argumentativos, que tras seren corrixiados pola profesora poderán publicarse na revista escolar, Brétema. Cando o texto presente demasiados erros de forma e contido, a profesora pedirá ao autor/a que o repita incorporando as correccións feitas pola profesora.

- Traballos en equipos heteroxéneos de aprendizaxe cooperativa polo menos unha sesión quincenal.

- Lecturas complementarias, que o alumnado escolle dunha listaxe moi ampla para que poidan sentirse a gusto coa lectura, e serán avaliadas por diferentes medios para que sexa algo lúdico e personalizado (entrevista oral, debate, audio facendo unha recensión do libro, realización dun programa de radio sobre ese libro, entre outras)

- Realización de dúas probas escritas por trimestre, tanto en papel como online a través da plataforma Edixgal.

- Programa específico de reforzo para os repetidores, para o alumnado coa materia pendente e para os que presenten NEE. Este programa inclúe a simplificación das probas escritas con preguntas máis breves, con exames tipo test en Edixgal, con exames que teñan menos items por pregunta, por exemplo. Ademais creouse un apartado de REFORZO na nosa materia con exercicios específicos para o alumnado que o precisa.

- Programa específico para o alumnado de altas capacidades. Creouse un apartado de AMPLIACIÓN na nosa materia con exercicios específicos para o alumnado que o demanda. Ademais teñen unha boa oferta de actividades voluntarias consensuadas con eles para que non lles falten desafíos atractivos.

- Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca e o equipo da radio escolar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma Edixgal cos recursos que contén, en especial o material de Netex, nalgúns casos Planeta e Rodeira-Edebé
Ordenador ABALAR do alumno, do profesor e da propia aula, encerado dixital e demais recursos do programa Edixgal
Recursos da Biblioteca Escolar, coleccións de libros, obras de consulta, etc.
Recursos de Radio Mocidade, a nosa emisora
Toda clase de recursos disponibles en internet
Materiais de elaboración propia da profesora e do propio alumnado

As aulas e a biblioteca están ben dotadas con obras literarias e de consulta e con recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. Ademais o programa Edixgal ao que nos acolleemos para toda a etapa ESO tamén nos proporciona valiosos recursos: ordenadores, encerados dixitais interactivos, tablets e acceso a

internet para toda a comunidades escolar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realízase unha avaliación inicial nas primeiras semanas do curso para valorar a competencia oral e escrita do alumnado, o seu desempeño coas TIC e a súa autonomía, fundamentalmente. Esta avaliación realízase mediante actividades orais e escritas, lectura en voz alta e realización de tarefas en papel e online.

O máis importante da avaliación inicial no noso centro é detectar as necesidades educativas especiais que se rexistran despois nas sesións de avaliación do equipo docente, e a posterior confección das ACS pertinentes ou os programas de reforzo específico:

- para o alumnado coa materia pendente
- para o alumnado que repite curso
- para o alumnado que presenta particularidades de diverso tipo, incluídas as altas capacidades que precisan propostas específicas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	15	15	10	10	10	100
Proba escrita	45	50	50	60	30	40	40	0	0	35
Táboa de indicadores	55	50	50	40	70	60	60	100	100	65

Criterios de cualificación:

- Cualificación trimestral:
 - Uso oral da lingua, reflectido no uso do galego en clase e nun traballo oral por trimestre: 10%
 - Lectura dunha obra recomendada por trimestre e traballo sobre ela, que pode ser oral ou escrito: 10%
 - Entrega de tarefas escritas e observación do traballo diario do alumno ou alumna, rexistrado no seu portfolio e na plataforma Edixgal: 20%
 - Dúas probas escritas por trimestre, que poden ser no formato tradicional de preguntas e respostas ou ben pode tratarse dun comentario de texto ou exercicio de literatura comparada: 30% cada unha
- Se a cualificación é igual ou superior a 4 poderanse sumar ata 2 puntos por actividades voluntarias
- Penalizacións por incorreccións lingüísticas:
- Nas probas de avaliación (orais ou escritas) ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que non superará os 2 puntos de rebaixa.
- Cualificación ordinaria:
- Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media ponderada das notas medias dos tres trimestres: 30% - 30% - 40%. Para superar a materia haberá que ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso aplicaranse medidas de reforzo a todo o alumnado que suspenda, como un instrumento de recuperación da materia. Por exemplo poderán facer exames adaptados ben na forma, nos criterios de corrección ou nos tempos de realización;

poderánselles adaptar as tarefas que teñan que entregar, poderán repetir as que se considere necesario, etc.

Por ser a lingua unha materia de contidos progresivos, cabe recuperar un suspenso rectificando os erros cometidos e aprobando no trimestre seguinte coas medidas de reforzo descritas. Ora ben, hai certos contidos específicos dun trimestre que non aparecen no seguinte, como sucede coa historia da lingua e a literatura. Entón, este tipo de contidos recupéranse ao longo do trimestre seguinte ben mediante probas escritas ou traballos específicos.

Polo tanto haberá facilidades para ir recuperando as partes suspensas pouco a pouco ao longo do curso, e aínda en xuño as persoas que teñan algunha parte suspensa e a media do curso sexa inferior a 5 poderán repetir os exames ou probas escritas desa parte. Non haberá un exame extraordinario de recuperación para as persoas que suspendan varias partes ou a totalidade da materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña pendente a materia de LINGUA GALEGA 3º ESO recibirá os reforzos correspondentes e as maiores facilidades para recuperar esta materia, como son as seguintes:

1. RECUPERACIÓN POR TRIMESTRES. Ofreceráselle un curso en edixgal co nome desta materia, lingua galega de 3º ESO. Nese curso terá instrucións e accederá a materiais, actividades de repaso e cuestionarios. En cada trimestre comprobaranse as actividades realizadas polo alumno ou alumna, e faráselle unha proba escrita. A nota que obteña o/a alumno/a consignarase no boletín de notas trimestral e así poderá ir aprobando a asignatura por trimestres.

2. RECUPERACIÓN GLOBAL. Ademais, o/a alumno/a terá a posibilidade de recuperar a materia facendo as probas de recuperación extraordinarias previstas polo centro, unha en xaneiro e, no caso de non superala, terá outra oportunidade en abril. Estas probas versarán sobre a totalidade da materia. O alumnado terá que realizar actividades de repaso previamente, sobre os contidos que aparecerán na proba, cousa que lle axudará a preparala. Estas actividades contarán o 50% da nota, e a proba outro 50%.

3. RECUPERACIÓN AUTOMÁTICA APROBANDO O NIVEL SUPERIOR. Sendo unha materia de contidos progresivos parécenos lóxico que no momento que o estudante aprobe a materia dun nivel superior aprobe automaticamente a pendente do nivel inferior.

O seguimento e avaliación deste alumnado será realizado polo profesorado que lle imparte clase no actual ano académico, tanto para proporcionar unha axuda, un seguimento e un control máis detallados como para ampliar estas medidas se nalgún caso particular fose necesario (por exemplo adaptando os instrumentos de avaliación, os tempos de execución, etc.)

6. Medidas de atención á diversidade

REFORZO:

- Primar o traballo práctico sobre o teórico.

- Ofrecer actividades de repaso e exercicios de reforzo online para realizaren varios intentos gardando a nota máis alta.

- Supervisar frecuentemente a súa actividade, para reforzar positivamente e reducir as distraccións.

- Propor exercicios variados, orais e escritos, usando reforzos e apoios visuais nas instrucións. Cando se lles presente un texto en papel, usar un tipo de letra de maior tamaño.

- Integralos en equipos de aprendizaxe cooperativa onde poidan beneficiarse da mentoría entre iguais.

- Supervisar a realización dos exercicios e valorar especialmente os realizados en clase sobre os deberes da casa.

- Traballar previamente con mostras de formato de exames para poder adestrarse con exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado.

- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación, mesmo pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou utilizando o computador) e nalgunhas actividades como a avaliación das lecturas complementarias, poidan facelo de xeito oral se o prefiren en vez de escrito.

- Nas probas escritas: reducir o número de preguntas, formularlles preguntas breves, pechadas, claras e con

vocabulario sinxelo, salientando en negriña as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Pactar se prefiren facelo en papel ou no computador.

- Posibilitar que o alumnado poida recuperar, durante o propio trimestre, as actividades suspensas.

- Animar ao alumno/a a revisar e corrixir as súas producións e en especial, comprobar se respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

3. Tamén temos un alumno de altas capacidades polo que se deseñarán actividades de ampliación.

AMPLIACIÓN:

- O alumnado con altas capacidades recibirá actividades acordes cos seus intereses e paixóns, para evitar que se desmotiven e desconecten da actividade académica.

- Ofreceráselles a posibilidade de escoller actividades e pactaranse os procedementos de avaliación.

- Proporáselles tarefas cunha maior compoñente de creatividade.

- Haberá máis flexibilidade co tipo de actividades, permitíndoselles cambiar algunhas das propostas de clase por outras máis acordes cos seus intereses e que poidan axudar mellor a desenvolver todo o seu potencial.

- Faráselle recomendacións de lecturas máis complexas, longas ou profundas, ou que requiran maior capacidade crítica, madurez, etc.

- Buscaranse actividades que permitan aplicar os coñecementos da materia á resolución dos problemas elixidos polo alumno/a.

- Proporáselles actividades voluntarias que amplíen os seus horizontes e ferramentas de que dispoñen usando as TIC, a Radio Escolar e demais recursos do centro e da contorna.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - a comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - o fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - a educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - a creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - a comunicación audiovisual								X
ET.8 - o emprendemento social e empresarial								X
ET.9 - a igualdade de xénero		X				X		X

	UD 9
ET.1 - a comprensión lectora	X
ET.2 - a expresión oral e escrita	X
ET.3 - a competencia dixital	X

	UD 9
ET.4 - o fomento do espírito crítico e científico	X
ET.5 - a educación emocional e en valores	X
ET.6 - a creatividade	X
ET.7 - a comunicación audiovisual	X
ET.8 - o emprendemento social e empresarial	X
ET.9 - a igualdade de xénero	

Observacións:

Hai varios elementos transversais que aparecen en todas as unidades polos seguintes motivos: Obviamente, na nosa materia a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita son indispensables en todas as unidades didácticas. A competencia dixital está forzosamente presente xa que participamos do Proxecto Edixgal. O fomento do espírito crítico aparece sempre que analizamos un dato ou un texto, por exemplo cando tratamos dos prexuízos lingüísticos e sempre que abordamos o comentario de textos. A educación emocional e en valores tamén está presente cando analizamos o contido dos textos e en especial a expresión de sentimentos propia da lírica; ademais ao longo de todo o curso o alumnado entrega as súas redaccións semanais onde fala de sentimentos, ideas e intereses. Tamén cremos que a creatividade está presente en todas as unidades pois a creatividade non só se educa mediante produtos artísticos senón que tamén é creativo propór solucións orixinais a un conflito, ou escoller unha lectura e non outra, deseñar unha presentación para a clase, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Congreso científico	Participación no "Congreso Científico" en colaboración co departamento de ciencias e o de Bioloxía: o texto expositivo e elaboración dun poster científico en galego, etc.		X	X
Proxecto Interdisciplinar global de fin de curso	Participación artística no espectáculo de fin de curso que se representará no Auditorio de Goián e implica a todo o centro			X
Radio Escolar	Realización dun programa de radio desde a súa planificación ata a súa execución e emisión a través de Radio Mocidade			X

Observacións:

Consignamos dúas actividades que xa constan na programación e son obrigatorias e avaliábeis para todo o alumnado (apartado "lingua oral" e "lecturas complementarias"). Ademais poderanse ofrecer outras actividades con carácter voluntario para todos ou parte do alumnado (lecturas voluntarias, participación nas actividades organizadas pola biblioteca, o ENDL, o club de lectura, as celebracións académicas fixadas polo noso centro, etc)

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Conseguíronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
Valorouse a porcentaxe de alumnado que superou e non superou a materia para realizar as adaptacións oportunas.
Metodoloxía empregada
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
O alumnado tivo acceso ás probas escritas corrixidas para analizalas e comentalas na clase.
Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Respectouse a puntualidade á hora de entrar e saír e propiciouse un ambiente motivador na aula.
Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
O alumnado foi informado dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
Medidas de atención á diversidade
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante as súas circunstancias específicas.
Atendeuse adecuadamente ao alumnado imposibilitado para asistir ao centro a través de Edixgal e outras comunicacións telemáticas.
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Clima de traballo na aula
A maioría do alumnado valora positivamente o clima da aula nun cuestionario anónimo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informouse adecuadamente ás familias de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos.

Descrición:

Para avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a propia práctica docente, usaremos estes indicadores que xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica. Estes indicadores valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados constarán na memoria final. O alumnado poderá expresar a súa valoración de xeito anónimo mediante un cuestionario accesible na web.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

- Estudáronse os resultados dos indicadores de logro que figuran no apartado 8.1, recollidos coa súa puntuación nunha táboa de 1 a 5.

- Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD e incluíronse na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso.

9. Outros apartados